

PROGRAMA DE UTILIZACIÓN DIDÁCTICA DA CIDADE "VIVIR SANTIAGO/2005"

Os procesos de transformación producidos nos últimos anos en Santiago e o notable incremento de institucións, equipamentos e servizos con potencialidade educativa, así como a necesaria e crecente comprensión do proxecto de Cidade Educadora, fai cada vez máis necesario e factible, a posta en marcha dunha serie de propostas que reforcen ese sentimento de pertencencia á cidade, do seu coñecemento e o acceso ás posibilidades formativas que encerra. Para este fin, deséñase, un ano máis, o Programa de utilización didáctica "Vivir Santiago".

Este Programa, que dende hai 16 anos desenvolve o Departamento de Educación e no que participan máis de oito mil persoas cada ano, converteuse nunha das actividades con máis demanda entre profesores/as, pais /nais e alumnos/as non só de Santiago senon cada vez máis da comarca e doutras cidades galegas.

Obxectivos xerais:

- Facilitar a relación escola-medio para que a cidade se converta nun lugar de observación, recollida de datos e experiencias, que deben ser obxecto de reflexión e elaboración de coñecementos nas aulas.
- Colaborar coa institución escolar poñendo á súa disposición a cidade, a través das súas institucións, equipamentos e servizos.
- Integrar no curriculum escolar contidos que incidan nunha concepción aberta e participativa da cidade, contribuíndo ó seu coñecemento e o seu disfrute.

Destinatarios:

- Profesorado e alumnado de ensino primario e secundario do municipio de Santiago.
- Profesorado e alumnado doutros municipios que así o soliciten, tendo en conta as novas funcións que está a desenvolver Santiago, sobre todo as de Capitalidade e centralidade.
- Colectivos interesados no coñecemento da cidade, dende un punto de vista didáctico.

PROGRAMA DE COÑECEMENTO DE CENTROS DE INTERESE DA CIDADE.

A realización de visitas guiadas a diferentes centros de interese da cidade constitúe o eixe central desta actividade. A elección destes centros de interese en concreto, supoñen unha oferta para os centros de ensino que propicia a conexión entre a escola e o territorio, aproximando ós estudantes ó funcionamento global da cidade por medio dos

seus servicios básicos, institucións de goberno, infraestructuras, seguridade cidadá e equipamentos culturais, e potenciando o coñecemento da historia e do proceso de configuración da urbe. Con isto preténdese favorecer o uso responsable dos servicios cidadás e a comprensión da complexidade da mesma.

Os centros de interese que se pretende sexan obxecto de visitas didácticas son os seguintes:

* PROCESO DE CONFIGURACIÓN DA CIDADE

- . Percorrido histórico pola cidade
- . A cidade para os máis pequenos
- . A cidade histórica hoxe

* INSTITUCIÓNS DE GOBERNO

- . A Casa do Concello
- . O Parlamento de Galicia
- . A universidade

* SERVICIOS PÚBLICOS

- . Parque de Bombeiros
- . Policía Municipal
- . Mercado de Abastos
- . Policía Nacional

* EQUIPAMENTOS CULTURAIS

- . Teatro Principal
- . Parque de Bonaval
- . Palacio de Congresos e Exposicións
- . Auditorio de Galicia

* MEDIO AMBIENTE

- . Depuradora de augas residuais
- . Potabilizadora de augas
- . Vertedeiro municipal
- . Viveiro municipal
- . Parque da Alameda
- . Itinerarios ecolóxicos pola cidade
- . Zonas de interese natural de Santiago

RECURSOS DIDÁCTICOS E PUBLICACIÓNS DE APOIO AO PROGRAMA DE UTILIZACIÓN DIDÁCTICA DA CIDADE.

Como complemento e cualificación das visitas, así como para a súa preparación nas aulas, editaranse diferentes materiais didácticos de apoio. De igual maneira, calquera cidadán pode acceder a esta documentación.

As coleccións *Papeis de Educación* e *Coñecer Santiago, Cidade Educadora*, así como outras publicacións do Departamento de Educación, constitúen referencias imprescindibles para o desenvolvemento do programa.

- Outros materiais de apoio ao P. U.D.C.:

* Fichas de solicitude para a participación nos Centros de Interese, na que se inclúen o centro escolar ó que pertencen, o número de alumnos/as, curso, profesorado que os acompaña, etc.

* Fichas de avaliación da visita e do programa

* Carpetas de Documentación que inclúan: Unidade didáctica específica do centro de interese, planos da cidade e da zona, e outros materiais dos que se dispoña en cada caso.

* Suscripcións a revistas, publicacións periódicas, etc. de temas educativos vencellados coa utilización didáctica do espacio urbano.

* Dotación bibliográfica sobre a cidade de Santiago (historia, arte, etnografía, xeografía...).

* Material audiovisual e informático para o soporte de todas as actividades que xenera este programa.